

MAIO - 2002

# CANDÍS Nº 16



C.P.I. "TOMÁS TERRÓN MENDAÑA" SOBRADELO DE VALDEORRAS (OURENSE)

# REGA A TÚA TERRA CO GALEGO



Santiago Corcoba Rodríguez 6º

# EDITORIAL

Queridos lectores , aquí tedes ante vos a decimosexta edición da revista escolar do noso centro "CANDIS".

Nela ofrecemos unha pequena mostra de traballos sobre festas e conmemoracións , viaxes e visitas , algúns estudos impartidos no centro , creación literaria , pasatempos... Referidos ó presente curso escolar 2001 – 2002.

A realización da revista é froito do traballo dos nosos rapaces coa colaboración dos seus profesores.O noso agradecemento a todos eles.

Esperando que sexa do voso agrado ¡A disfrutar coa súa lectura!

Boas vacacións a todos e ata o próximo ano. O Equipo de Normalización Lingüística.

## ÍNDICE

	paxina
<b>Datas sinaladas no curso 2001 – 2002</b>	
• Resumo de festas e conmemoracións.....	1 - 4
• Carta da Paz ós "señores do mundo".....	5
• Receita pacífica : "Para unha Europa mellor".....	6
• Poesía : " A paz ...¿Que será?.....	7
• Da peseta ó Euro,visto polos nenos.....	8
• Celebramo-lo Entroido.....	9
• As festas de Sobradelo,segundo os pequeniños.....	10
• Celebrámo-lo Día da árbore.....	11
• Día das Letras Galegas.Biografía de Martín Sarmiento.....	12-13
• Día das Letras Galegas." Coplas dos Maios".....	14
<b>Excursións e visitas</b>	
• Viaxe ó Barco.Vimos unha película.....	15
• Excursión a Poferrada.....	16-17
• Excursión a Vigo.Partido do Celta.....	18-19
• Viaxe a Ourense.Recollida de premios de galego.....	20-21
• Viagem dos alumnos de português.....	22-23
• Fomos en tren : Monforte – Ourense – Monforte.....	24
• Convivencia preescolar .Con Cholo e Nela en Vilamartín.....	25
<b>Diferentes áreas de estudio no Centro</b>	
• Português.....	26-28
• Garantía Social.....	29
<b>As nosas creacións literarias</b>	
• Un soño na Idade Media.....	30-31
• Complicado rescate.....	32-33
• A máquina do tempo.....	34-35
• Como te gustaría Europa en el año 2010.....	36
• Os nosos mares.....	37
• Anuncios por palabras.....	38
• Os nosos caligramas.....	39
• Cantigas do S. XXI.....	40-41
• Una alcachofa gana "La vuelta ciclista a España".....	42
• La patata coja.....	43
<b>As nosas creacións artísticas</b>	
• O artista son eu.....	44- 45
• Os nosos profes.....	46
<b>Deportes</b> .....	47- 48
<b>Tempo de lecer.Refráns,Sopas de letras,.....</b>	49- 53

# AS FESTAS

3º E. PRIMARIA

Como todos cursos, tamén este celebrámo-las principais festas dunha maneira especial.

## O MAGOSTO

O 11 de novembro celebrámo-lo magosto.

Mentras que nós, cos profesores, xogamos a moitos xogos; os maiores acaban as castañas.


E despois comemos moitas castañas, xogamos un pouco, algúns xogaban ás caricas coas castañas.

## O NADAL



O día 20 de Decembro do 2001 celebramos... ¡O Nadal!

Pasámola moi moi ben e fixemos unha actuación titulada. **ROBOTIÑA**



Durante as dúas semanas anteriores estivemos ensaiando moito e tamén decáramos a clase con bolas e estrelas e despois actuaron os de Primaria: cantaron moi ben. As nenas de E.S.O bailaron un baile moi requete-chupi e tamén fixeron un desfile de moda.



# O DÍA DA PAZ

O día 31 de Xaneiro celebrámonos-lo día da Paz.

Pola mañá falamos do importante que é a paz e do mal co pasan nos países ca guerra.

Pola tarde estivemos cantando e xogando no patio, agarrámonos das mans e cantamos a canción de "Viva a xente". Algúns nenos e nenas fixeron poesías.



## POESÍA


Que reine la alegría  
Que brille la amistad  
Que en el mundo no haya guerras  
Que el hombre practique la Paz  
Que el malo sea bueno  
Que el bueno sea mejor  
Que en el mundo no haya hambre  
Que todas tengamos Amor.

## ENTROIDO

O día 8 de febreiro fixemos o Entroido.

Desfilamos todos disfrazados de negritos, chineses, mexicanos, indios, bruxas e hippies.

¡Fai moi divertido!



# ○ DÍA DAS LETRAS GALEGAS

No noso Colexio sempre celebramos este día o último día de Maio. Fixemos unha bonita festa con obras de teatro, cancións, bailes e poesías. Nos representamos "A consulta do doutor".

Letriñas, Letriñas  
letriñas da terra,  
están chegando  
as Letras Galegas.  
As Letras galegas  
xa chegaron  
e suben ó escenario  
o dezasete de Maio.  
O día 17 de Maio,  
todas nos recordamos,  
aqueles poetas  
que fixeron viri-las estrelas.



Letras Galegas 2002  
FREI MARTÍN SARMIENTO

CURSO 2001-2002




NENOS DE 1º-2º PRIMARIA


### 6 NADAL




### 0 ENTRODO



### LETRAS GALEGAS





Queridos señores del mundo:

Os escribo esta carta para pedirlos, que entre todos colaboremos para que en el mundo se acaben las guerras, se termine el terrorismo, no exista el racismo; para que todos nos respetemos unos a otros y que no haya envidias ni rencores. Debemos vivir en paz. Hay que colaborar, ayudar a la gente que no puede hacer cosas porque son mayores, y ser obediente y generosos. Hay gente que no tiene hogar por los terremotos. Tenemos que darle a la gente que vive en la calle, darle alimentos y adoptar a los niños y niñas huérfanos. En terremotos y huracanes, la Cruz Roja y los bomberos colaboran rescatando a gente con vida y eso deberíamos hacerlo todas las personas. Porque nadie es diferente de nadie.

David Rodríguez Simoes.- 6º Primaria

## Receita para unha Europa mellor

### Empanada a Europea

#### Ingredientes:

- 200 gramos de paz.
- 12 culleradas de comprensión.
- 1/2 litro de auga potable.
- unha pizca de solidariedade.
- 400 gramos de amizade
- 20 anacos de felicidade
- 2 beliscos de respecto
- 600 gramos de igualdade entre os homes
- 100gramos de liberdade
- 6 culleradas de ledicia.
- unha papeleta de tolerancia.

#### Elaboración:



Cóllense os 200gramos de paz , os 400 de amizade, mesturados en medio litro de auga potable nun bol.

Fáise unha masa consistente a que se lle engaden dous beliscos de respecto e unha papeleta de tolerancia. Déixase unha hora en repouso para que medite.

Mentras, prepárase o recheo no que se bota nunha tixola 4 culleradas de ledicia ó que engadimos 12 culleradas de comprensión con 20 anaquiños de felicidade , máis os 600 gramos de igualdade entre os homes e mulleres, mesturados cos 100 gramos de liberdade, déixanse facer na tixola ate que estén ben douradiños. Retírase e espérase a que se enfríe.

Deseguido, repártese a masa en dúas partes iguais e esténdese dentro dun molde, previamente untado cun pouco de solidariedade. Unha vez frío o recheo, esténdese sobre a masa e cúbrese coa outra metade que reserváramos. únense ben os bordes, trenzados, para que non se perda nada.

Métese ó forno a uns 200º C ate que esté cocida.

Pódese servir temperada.

Carmen García Vega  
2º A. E.S.O.

# Poesía

A "paiz"... ¿Que será?

Imos pensar.

-¿A ti gústache que che peguen?

- Pois, non.

-¿E que alguén te insulte?

- Tampouco.

-¿E se alguén matase os teus pais?

- ¡Sería algo fatal!

- Entón xa sei que é a "paiz".

A paiz é:

Los compañeiros non pelexar,  
pero si xogar.

Los mestres non protestar,  
pero si estudar.

Os pais non facelos rabiar,  
pero si na casa axudar.

Isó é a "paiz".

Sasé Antonia

Soel

Deborah

Pablo

4º de Primaria

Héctor


P

A

E



¡Adios amigos!















¡Ata sempre!

ADEUS PESETA

BENVIDO EURO

1 de marzo de 2002



Nenos de 2º curso.


# Celebrámo-lo ENTROIDO

con comparsas

pola Terra adiante



Os de preescolar foron de chinos  
¡ Gañaron o premio á mellor comparsa !



Rapazas da ESO  
fixeron unha  
comparsa de bruxas

¡ TAMÉN  
HOUBO MOITA  
FARIÑA !




Os de 1º e 2º curso pintaron o indio.



3º e 4º, de tribu africana.

Alguns profes da E.S.O.  
tamén se animaron.


¿ Recordades  
de que foron  
5º e 6º ?






# FESTA DE SOBAPÃO



DENDE O OLLIÑO DOS MAÍS PEQUENOS.




ANDREA  
(4 anos)



DANIEL  
(4 anos)



ESTELA  
(4 anos)



# Celebrámo-lo día da Árbore.

Este ano, os alumnos de primaria do noso colexio, celebrámo-la día da árbore plantando varias, nos arredores do centro.

Os nenos de cuarta e quinta saímos xuntos, e plantamos castiñeiros e cerdeiras que trouxera un home de Medio Ambiente.

Como xa estaban feitas os buratos, nos puxemos as árbores nelas e batámonlle a terra. Ó final fixémoslle unha parede con pedras ó redor.

Aínda que o meu desexo era que chegarían a ser grandes para que nos desen froto e sombra, levei unha enorme decepción ó ver que colocaron un poste do tendido eléctrica, e para isto avanzaron días árbores.

Adrián Blanco




5<sup>o</sup> primaria.



# COPLAS DOS MAIOS


Cantámolas no Día das Letras Galegas.

Aí ven o maio de  
flores aberto,  
cantámolle os nenos  
aquí en Sobradelo.





Xa remata o curso  
vanse os profesores,  
máis ou menos cansos  
deixan os labores.

Deixan este poble  
deixan estas terras,  
vanse nos seus coches  
pola "carretera".







Comer ben comimos  
cantar ben cantamos,  
todo o arranxamos  
no salón de actos.

No salón de actos  
también comedor  
salón multiusos  
¡Ai vaia por "Dios"!



Río Sil que pasas  
ben preto de nós,  
lévanos as penas  
trae as vacacións.

~~ta~~ nos despedimos  
ata o curso novo,  
~~esto~~ ta está visto  
ata logo, logo.



Ai ven o maio  
de flores cuberto,  
cantámolle os renos  
agui en Sobradelo.  
Letra J. Atanes


Nenos de primeiro e segundo.

# BIOGRAFÍA de SARMIENTO

Pedro José García Balboa, frei Mastín Sarmiento, naceu en Vilafranca do Bierzo o 9 de Marzo de 1695 e morreu no ano 1772.

Os catro meses de nacer, a súa familia trasladouse a Pontevedra onde pasou quince anos da súa infancia.

Vaise para Madrid, ó convento de San Mastín.




Fizo moitas viaxes á súa amada Galicia, co fin de investigar algunha verdade: xeográfica, histórica, botánica, etimolóxica...

## GALEGAS




En 1723 marchou para Oviedo onde se atopou con Feijoo, o mellor dos seus mestres, dous anos despois volve a Madrid, aínda que antes viaxa a Pontevedra para ver á súa nai.

## LETRAS



Numha das súas viaxes a Galicia dedicouse a escribir en galego *Coloquio de 24 galegas rústicas*, que consta de 1.201 coplas.

# 2002







FIN

# PELÍCULA no BARCO

colaxe de 1º e 2º.

LA BRUJA Y KIRIKU

Foan preschool e  
primaria.



# Visitamos un museo


O venres 3 de maio fomos a Ponferrada de excursión. Visitámo-lo museo do Ferrocarril.

Nel vimos: locomotoras antigas, vagóns de mercadorías e de pasaxeiros e moitos obxectos relacionados co mundo do tren.

O ferrocarril foi moi importante para Ponferrada. No ano 1918 construíuse a liña Ponferrada - Villablino para transportar carbón e persoas. Nesta construción chegaron a traballar ata 4.200 obreiros. Este ferrocarril prestou servizo de pasaxeiros ata 1980.

Ó remata-la visita agasalláronnos con: un lapis, un folleto e un diploma.

Esther - 4º de E.P



## UN BAÑO NA PISCINA CLIMATIZADA


No terceiro trimestre os alumnos do meu colexio fomos a unha excursión a Pongerrada.

En principio os menos do 2º e 1º ciclo foron ó Museo do Ferrocarril e os do 3º ciclo fomos ás piscinas climatizadas. Había dúas de distinta profundidade.


Estivemos bañándonos unha hora acompañados de dous profesores do centro. Un alumno chamado Marcos case se afoga, e un compañeiro axudouno. ¡ Pasámolo moi ben! ¡ Foi unha experiencia marabillosa!

Despois de saír das piscinas fomos visitar o castelo de Pongerrada. ¡ Había cousas moi antigas!: dous castelos de distintas épocas, escudos, pedras das catapultas... A continuación fomos a un parque a comer un bocadillo xuntamente cos outros menos e os profesores que nos acompañaron.

Despois montamos no autobús e viñemos para Sobradelo.



Leticia I. Soares Carvalha  
5º de Primaria



# EXCURSIÓN A VIGO / VIVA EL CELTA /





EL día 5 de Mayo fuimos a Vigo a ver el partido Celta - Sevilla. Comimos en Barçona y fuimos a coger almejas y Cangrejos. Después fuimos a la sala de juegos.

A las cinco montamos en el autoleús. Bajamos a esperar a los jugadores. Los vimos y nos sacamos fotos con ellos.

NOS dieron las entradas y entramos a vez el partido. Jugaron y perdió el Celta. En la primera parte cenamos los bocadillos y bebimos zumos y aguas.

CUANDO acabó fuimos a montar el autoleús. Nos fuimos para Sobradelo y llegamos a las dos de la mañana.

José A. 3º de Primaria



Tino, Víctor e Brais, 3º curso.

# O PARTIDO DO CELTA.

Unha vez máis a Peña Celtista de A Rúa invitounos a ver o partido do CELTA contra o SEVILLA, acompañados por dous profesores do noso Colexio. Tivemos bastantes alumnos dende 3º de primaria ata 4º de E.S.O.

Antes do partido fomos a Baiona e alí comemos; estivemos na sala de xogos e a continuación marchamos a Balaiños; compramos moitas cousas: camisetas, gorras, bufandas, balóns...

Cando entramos no campo non había case raide; o pouco de emperca - lo partido meteu un golazo O CELTA, pero ós poucas minutos meteu dous o Sevilla, e así quedou o resultado favorable ó Sevilla. O árbitro non era moi xusto, ía a favor do Sevilla.

Pasámolo moi ben ó ir; pero a viaxe de volta non foi tan divertida. O condutor era tolo.

Agradecemoslle á Peña Celtista a actuación que tiveron con nós e pedímoslle que isto se repita en anos vindeiros.



Kevin Moral Fdez.  
5º de Primaria



# Un debuxo con premio

Este ano o noso colexio participou nun "concurso de cartel e lema" sobre o uso da Lingua Galega.

Participamos tódolos cursos de Educación Primaria.

Os debuxos seleccionados no colexio foron:

- Primeiro ciclo: Aitor.
- Segundo ciclo: Lorelai (eu).
- Terceiro ciclo: Santi.

A nivel provincial gañámo-lo terceiro premio Santi e máis eu, cada un na súa categoría. Fomos a Ourense a recolle-lo premio o sábado 11 de Maio.

Déronme un vale por valor de 60€ para comprar libros. E a Santi tamén.

Viaxamos en autobús desde Sobradelo ata Ourense.

Acompañáronnos varios nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º.

Foi un día especial para min.

¡Ah! Esquecíaseme contáros que o meu debuxo representa uns nenos collidos da man. Douz deles suxeitan unha pancarta co lema: "Somos galegos. Falamos galego. Sentímonos galegos".

Lorelai - 4º de E.P.

# VIAXE A OURENSE

## ¡RECOLLEMOS UN PREMIO!


Este ano no mes de maio físcemos unha viaxe a Ourense acompañando a dous alumnos do noso centro que saíron premiados nun concurso de debuxo.

Ía con nós a profesora Avelina e alí esperábanos a profesora Ana.

Cando chegamos tivemos que esperar un bo rato porque non estaba o encargado de abri-lo conservatorio, lugar onde se celebraban os actos.

Despois do reparto de premios, que consistiu en 60€ a cada un, para invertir en libros, aímos un conto, vimos un mago e unha obra de teatro representada por nenos e nenas maiores.

Ó rematar déronnos unha bolsa con dous bocadillos, auga, fruta e un pastel. Comémoso no autobús e chegamos a Sobrado ás tres e media da tarde.



# a Portugal

m  
e  
s  
o  
a  
i  
v



No dia 8 de Maio, os alunos de 3<sup>o</sup>, 5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> ano que estudam Língua e Cultura Portuguesas fizeram uma viagem a Portugal com a duração de três dias.

Visitaram as cidades de Esporão, Porto e Vila Nova de Gaia.

Ficaram hospedados na Pousada da Juventude da Foz do Cávado.

No 1<sup>o</sup> dia foram ao parque de atrações, em Braga e ainda revisitaram alguns monumentos:

a Basílica do Sameiro e a Igreja do Bom Jesus.


No dia 9, pela manhã foram ao Planetário do Porto e para além da visita ao interior viram uma sessão chamada "Visão do Cosmos". Almoçaram num restaurante d beira rio. Pela tarde fizeram um cruzeiro pelo rio Douro, onde puderam apreciar a cidade do Porto vista do rio. Viram as pontes que unem a cidade do Porto com a cidade de Gaia. Visitaram, ainda a estação de S. Bento, a Sé e as ruas do Centro histórico da cidade do Porto. Puderam também ver as novas construções e um centro comercial.

No último dia visitaram o museu do carro Eléctrico onde ficaram a saber a importância que estes transportes tiveram para a cidade e puderam viajar numa deles até à Foz do rio Douro. À tarde visitaram o Parque Biológico de Gaia e deserraram animais e plantas em vias de extinção.

O regresso foi por Amarante, Vila Real e Chaves. O passeio foi útil porque ficaram a conhecer costumes dos Portugueses.


Leticia Isabel Soares Carvalho. 5º

# VIAXE EN TREN A OURENSE





O día 23 de maio fomos en tren os nenos de 5 a 9 anos do colexio.

Fomos en autobús ata Monforte. Alí collémo-lo tren.



O percorrido do tren foi este:

memos e xogamos nun parque. Despois regresamos en autobús a Sobriadelo.




nenos de 1º e 2º.

Un día con

Cholo e Nela



Cholo e Nela



OS Nossos AMIGOS FESTEIROS.


Rocio  
(3 anos)

ANDREA  
(4 anos)




ALBA  
LÓPEZ  
(4 anos)

# ALUNOS QUE ESTUDAM PORTUGUÊS



Joni

1.º ano




Jévi

Tiago

MELISSA

CLAUDIA

2.º ano



Vicente


Leticia

Blas

David


LAURENTINO

3.º ano




Deborah

4.º ano



Leti

5.º ano



SAUDRA

TONIN

DAVID

KICO

Viki

CARLOS

EDI

SARA

ANTONIO

Autores: - J O N I - MELI - Ari - Tiago - Claudia  
Jennifer

# PORTUGAL

## O MAR NA NOSSA LINGUAGEM

Vejam vocês como o mar está sempre presente na nossa linguagem de cada dia:

🚣 Remar contra a maré.

✳️ Galbotas em terra, temporal no mar.

🐟 Pela boca morre o peixe.

🎣 Nem tudo o que vem à rede é peixe.

⚓ Ficar em águas de barba.

✳️ Camer a isca.

🎣 Deitar a corga ao mar.

🚢 Barco parado não faz viagem.


🚢 Grande nau, grande tormenta.

✳️ Filho de peixe sabe nadar.

💧 Uma gota de água no oceano.

🚢 Mais vale andar no mar alto que nas bocas do mundo.

🐙 Quem vai para o mar avia-se em terra.



# Contos Tradicionais Portugueses

## O LOBO E A RAPOSA

Certa noite de luar, uma raposa esfomeada espreitou para um poço e viu reflectida na sua água a imagem luminosa da lua.

Julgando ser um queijo deu pulos de contentamento, pois podia finalmente matar a fome.

O poço tinha dois baldes presos, cada um na extremidade de uma corda que girava numa roldana. Assim, quando no balde que estava em cima, desceu até à água, e viu com grande mágoa que tinha caído num engano. Mas o pior é que não sabia como havia de sair do poço.

Passando por ali um lobo, abeirou-se do poço para matar a sede.

A raposa, manhosa, ao vê-lo disse:

- Ó compadre, ainda bem que veio. Temos aqui um belo petisco. Olhe, está cá um queijo tão grande que não consigo comê-lo sozinha.

Desça, compadre, comemos os dois.

- É para já, comadre, é para já. — E dizendo isto meteu-se no balde e foi descendo, enquanto a espertalhona subia no outro.

Vendo-se salva, a matreira gritou:

- Bom apetite, compadre! Que lhe faça muito bom proveito.

Texto: Sara/Sandra — 6º

Desenho: David — 6º

# Garantía Social

Supoñemos que vos chamará a atención o título, e non nos estraña porque nós, ata hai ben pouco, tampouco o sabiamos de que ía a cousa.

Pois ben a **G A R A N T Í A S O C I A L** é unha mestura entre a aprendizaxe dun oficio e un completa-los coñecementos básicos que son necesarios para andar polo mundo, é dicir, durante tres días á semana recibimos clase de diferentes materias: Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Coñecemento do Medio, Educación Física, Formación e Orientación Laboral e Técnicas de Traballo. Os outros dous días imos a unha empresa a aprender un oficio, neste caso tivemos a sorte de poder estar nunha grande e coñecida empresa como é "CUPIRE-PADESA", que agrupa a outras moitas adicadas, esencialmente, ó sector da construción. Nós estabamos en "CARPINTERÍA SIL". Aprendimos a facer ventás, portas, galerías... dende que a madeira chega en tablóns á nave ata o seu remate final que sería a embalaxe das mesmas.

Nós pertencemos a ese grupo de rapaces que por diferentes causas non acadamos o Graduado en Educación

Secundaria Obrigatoria. Xa nos coñecedes, somos Joao, Pablo, Santi, Bruno e José Antonio. Algúns xa eramos alumnos do


centro, outros, como Joao e Bruno viñemos por primeira vez desde Casaio. Non tardamos moito en ser amigos e ter "ideas" para seguir facendo algunha que outra trasnada,

aínda que nos dicían que xa eramos adultos e xa non debiamos comportarnos coma meniños.

O que menos nos gustou de todo o curso foron as clases no colexio. Estabamos desexando que chegase o xoves para ir traballar. A verdade é que non nos podemos queixar do trato recibido. Por iso desde o noso xornal queremos amosar a todo o persoal de "CARPINTERÍA SIL" o noso agradecemento polo trato recibido, en especial ó capataz Lisardo que tivo tanta paciencia connosco.

Tamén queremos animar a todos aqueles rapaces e rapazas que estean nas nosas condicións que se animen a facer este curso. É moi doado e sobre todo gratificante. GRACIAS E ATA SEMPRE

**Santi, Joao, Pablo, Bruno e José Antonio**



# UN SOÑO NA IDADE MEDIA

Un día estabamos dando clase de galego, cando de súpeto apareceron nun carro antigo e vestida con roupa tamén antiga, o carro estaba na parte de atrás dunha casa e costa abaixo, ó final da costa había unha porta xigante de madeira, entón eu baixe do carro e entrei na casa, alí estaba unha nena chamada Marta que era a miña mellor amiga, ela tamén cría que estaba soñando igual que eu, entón para comprobalo frotámonos os ollos e beliscámonos pero non espertamos, así que démonos conta de que non estabamos durmindo. Dentro da casa había moita xente á que nós non coñecemos. De repente chamaron á porta e a señora da casa que se chamaba Xulia díxonos:

-Agochádevos nalgún sitio para que no vos vexan, correde agochádevos, axiña.

Nós fixemos o que nos mandou Xulia e agochámonos onde estaba un señor xa maior que se chamaba Óscar. Como nos non sabiamos o que pasaba preguntámoslle.

- ¿Porque nos agochamos?, ¿de quen? ¿onde estamos?. Preguntámoslle as dúas á vez.

- Eu non vos coñezo, ¿quen sodes? ¿De onde sodes? -dixo Óscar.

- Non estamos moi seguras- dixo Marta.



- Non lle faga caso, vimos do futuro. Por certo ¿en que ano estamos? pregunteille eu.

- ¿Do futuro? Pero, ¿que dices?, estades tolas ou que.

Somos do futuro, exactamente nos vivimos no ano 2002, pero, ¿queres contestarme á pregunta que te fixen antes?

- Sí, iso.

-Estamos no ano 1454, escapamos da xente que nos quere matar, e estamos en Francia.

Entón o vello empezou a contarnos a súa pequena historia. Díxonos que escaparan a Francia como espías para saber as estratexias e as persoas que os querían axudar a loitar contra Francia porque algunha xente estaba descontenta co rei que tiñan. Foron descubertos por un espía francés que se fixo pasar por simpatizante da causa.

Xulia entrou correndo e díxonos:

- ¡Saíde de aquí que vos están buscando e van entrar na casa! ¡Saíde pola porta de atrás! ¡Correde que xa están aquí!

Nós saímos correndo da sala detrás de Óscar, que era o que coñecía á casa, e o único que coñecemos nós. Seguímolos ata á cociña, onde estaba a porta que daba a onde tiñamos o carro.

Saímos, subimos ó carro, pero cando estabamos a punto de saír pola porta grande de madeira que había o final da costa, saíron homes por tódolos lados e comezaron a lanzarnos frechas e lanzas a Marta e máis a min, porque eramos as que estabamos no asento de adiante. Tivemos sorte, non nos deu ningunha porque nos metimos rápido debaixo do asento ó ver que nos disparaban a nós. Sen saber como, desapareceron tódolos homes menos tres que se acercaron a nós e colléronnos para poñermos a salvo. Leváronnos a un calexón e alí presentáronse:

- Eu chámome Rubén.

- Eu Xoán Xosé, e el é Iván, dígocho porque el parece que está moi atento mirando á túa amiga.

-Eu chámome Carmen e ela é Marta, que semella que está namorada do voso amigo Iván, parecen de pedra.

- ¡Iván! -dixeron Xoán Xosé e Rubén a un tempo.

Marta tamén quedou mirando para Iván fixamente, mirábanse como si estivesen namorados, pero se se acababan de coñecer, é imposible, pero non se movían, non falaban, e non facían nada máis que mirarse fixamente.

-Marta, ¡esperta! -díxenlle eu.

-Iván, ¿que?, ¿gústache Marta? - díxolle Xoán Xosé.

-Pois si, gústame moito Marta aínda que non a coñeza de nada -atallou Iván.



-E a min tamén me gusta Iván moito, pero que moito, moito -engadiu Marta.

-¡Pe..pero se acabades de coñecervos! -dixen eu un tanto desconcertada.

- Vaia, ¿e que pasa? se me gusta, gústame ¿ou que?, ¿non se pode un namorar a primeira vista? - dixo Iván.

-Pois non -aseverou Rubén un tanto mosqueado.

- Ben, deixade de discutir e de mirarvos tan fixamente que ides cansar a vista-dixo Xoán Xosé.

-Si, iso. ¿Por que viñestes a buscarnos ó carro?, ¿sodes franceses?

-Non, somos de Castela, somos espías españois. O que pasa é que loitamos cos franceses -dixo Xoán Xosé.

- ¿E vós?

-Nós somos do fut... bueno non o entenderiades, así que mellor non o digo.

-Vale está ben, ¿pero de onde sodes?

- Somos de Galicia.

- Ahhh! Xa sei -dixo Rubén.

- Ben, agora hai que ocuparse de loitar contra os franceses e curar ós feridos.

- Si, tes razón -dixo Marta.

- ¡Vaia! Menos mal que espertaches.

- Pois mans á obra- dixeron todos.

-Marta, ven comigo así non che pasará nada -dixo Iván.

- ¿Listos todos?- preguntou Rubén.

- Sí -Contestamos todos á vez.

Cando chegamos ó carro había moita xente ferida. Marta e máis eu ocupámonos deles mentres que Iván, Xoán Xosé e Rubén loitaban contra os Franceses.

Os que estaban feridos levámoslos ó calexón, pero cando Marta se estaba achegando ó carro para coller a un neno que estaba ferido déronlle cunha frecha na perna e caeu ó chan. Eu collina e leveina ata o calexón, alí quiteille a frecha, cortei un anaco da miña camisa para poñerllo ó redor da perna para que non perdera moito sangue. Despois seguíme ocupando dos feridos entre os que estaba o vello que coñeceramos antes.

- Déixame morrer, non te preocupes por min, atende ós que son máis xoves que eu, total eu xa non sirvo para moito.

- Están todos ben, non teñen feridas moi graves, son máis graves as túas e a da miña amiga Marta. Ti descansa que che fai falta.

- Vale, farei o que ti digas.

Nese momento chegaron Iván, Xoán Xosé e Rubén a buscarnos porque tiñamos que marchar antes de que viñeran máis franceses. Subimos ó carro e marchamos de alí.

Os catro días xa estábamos na fronteira de España e cruzámola sen problemas.

Cando chegamos a Castela recibíronnos os Reis Católicos e déronnos o premio á valentía a Iván, a Xoán Xosé, a Rubén, a Marta e a min. Pero o día seguinte pola mañá aparecimos na nosa cama, fora un soño, un soño moi bonito e compartido polas dúas, recordáramolo sempre. O único que non saíu ben foi que Marta quedou desilusionada por non coñecer a Iván mellor e agora só sabe falar del e a min vólve-me tola.



Carmen García Vega - 2º E.S.O. -

# COMPLICADO RESCATE

Había uns minutos, un exército de nubes monumentais despregáronse imponentes sobre a cidade e acto seguido descargaron sobre ela as súas ráfagas trepidantes e furiosas de auga e vento. Sen embargo, foi unha borrasca corta, con ventos moi fortes, lóstregos e tronos. Agora, ó mediodía, había unha luz triste.

Antonio saiu desesperado da cafetería á rúa. Era xove e moi alto. Levaba posta unha camiseta de cor amarela, uns "jeans" e zapatos negros de coiro. Camiñou pola beirarrúa mollada e relucente. Sopraba un vento fresco e había algunhas persoas vestidas con traxes de primavera. A rúa estaba escura. Ó chegar ó cruce de peóns detívose. Mirou ó seu redor. ¿Por que Santiago tardaba tanto?. Logo consultou o seu reloxo. A tardanza do seu amigo fixoo estremecer de preocupación. Pero cando levantou a cabeza viuno chegar pola beirarrúa cun traxe negro e un maletín a xogo co seu traxe. Apenas tivo tempo de cruzar antes de que o semáforo cambiara á luz verde.

- ¡Canto o sinto! -dixo-.  
¡Diaños!, retraseime, pero non te preocupes, que xa está todo listo.

- ¡Gracias Santiago! -  
exclamou Antonio-. ¡Isto é terrible! Ter que vender o meu coche, je todas esas deudas! -  
Tomou o maletín nas súas mans-. ¡Pero é o meu fillo! -  
suspírou-.

Antonio parou un taxi. Cando estaba no asento o seu amigo asomouse pola ventaiña aberta.

-Aínda che aconsello que deas aviso á Policía -  
murmurou.

- ¡Iso é imposible! -  
lamentou Antonio-. Dixeron que á máis mínima denuncia costaríalle a vida a Felipe... -respostou cun fio de voz e moi nervioso- Dende o luns teño contado mil excusas na escola -dixo-. ¡Sería terrible denunciar o caso! -engadiu.


O home da ventaiña mirouno. Non tiña máis que aceptar a delicada situación. O seu mellor amigo estaba nun grave apreto. Pero el non podía facer nada máis. Valérase hábilmente do seu cargo na Bolsa para axudar a Antonio na recaudación do diñeiro necesario para o rescate do menor. Agora só faltaba o último paso, o definitivo, e non quedaba outro camiño que levalo a cabo. Esperaban un final feliz. Sen embargo para esto Antonio necesitaría a mellor das sortes, que naturalmente lle



desexou Santiago antes de que o taxi desaparecera no fondo da rúa e el cruzase a calzada en dirección ós edificios de enfronte onde estaba a súa oficina.

Antonio mandou deter o vehículo na metade da longa ponte onde se levaría a cabo o troco. Eran exactamente as doce da noite do venres . A maioría das farolas estaban fóra de servicio e a vía deserta.

